



## Tres orosáns no Comité Provincial

Vanessa Reboredo, Luis Rey e Antonio Leira intégranse no comité provincial do PSdeG-PSOE

A agrupación orosá sitúase como referencia na comarca e é unha das máis numerosas da provincia

Tres compañeiros da Agrupación Socialista de Oroso veñen de incorporarse ao Comité Provincial do PSdeG-PSOE. Trátase de Luis Rey, secretario xeral da Agrupación; Vanesa Reboredo, secretaria de Muller e Xuventude; e Antonio Leira, vogal da Agrupación e coordinador comarcal de Composte-

la. Únense así a Manuel Mirás, membro tamén do Comité Nacional Galego, e sitúan á agrupación orosá como a gran referencia da comarca nos máximos órganos de goberno do partido socialista a nivel provincial. Unha situación "de peso", como confirma Luis Rey Villaverde, quen considera que a presen-

za de tantos orosáns no comité provincial "é un magnífico escaparate para a nosa agrupación".

Ata entón, os veciños de Oroso seguirán beneficiándose desta representación tan numerosa. Así, Vanessa Reboredo destaca que "no comité están os máximos representantes

dos concellos, deputados e xente que toma decisións, polo que podes chegar a eles a través dunha vía de comunicación informal e facerlles chegar as demandas de Oroso". Proba disto foi o congreso do 17 de abril, co presidente da Executiva Provincial do PSdeG e ministro de Xustiza, Francisco Caamaño.

# 93 familias de Oroso non recibiron ningunha axuda para os libros de texto


Fronte á gratuidade total establecida polo Goberno socialista, as familias orosás tiveron que desembolsar 22.000 euros para que os seus fillos puidesen estudar

Un total de 93 familias de Oroso non recibiron este ano ningún tipo de axuda económica para a compra dos libros de texto debido á decisión da Xunta de suprimir a gratuidade dos libros de texto. Unha decisión que supón que o 63,24% das familias de Oroso perderon a gratuidade dos libros escolares, segundo recollen os datos da propia Consellería de Educación.

**Seis de cada dez familias de Oroso tiveron que facer desembolsos de ata 200 euros**

## Supresión do dereito á gratuidade dos libros de texto

35,57% con axudas de 180 €



\* FONTE: Consellería de Educación. Xunta de Galicia

64,43% perderon o dereito á gratuidade

O novo modelo implantado polos Partido Popular fixo que seis de cada dez familias de Oroso tiveran que facer desembolsos de

ata 200 euros para poder pagar os libros de texto dos seus fillos e fillas, cando o ano pasado os recibiron totalmente de balde grazas

ao modelo de préstamo implantado polos socialistas. Os datos da propia Consellería de Educación reflicten que a Xunta investiu en 2009 un 48,12% menos en axudas económicas ás familias de Oroso que en 2008. Isto obrigou aos nosos veciños e veciñas a desembolsar case 22.000 euros dos seus petos para que os seus fillos puidesen estudar. E todo isto en plena crise económica.

Así, se o Goberno de Emilio Pérez Touriño cubrira os máis de 45.000 euros do custe dos libros escolares para as familias de Oroso, o Goberno do Partido Popular rebaxou esta cifra ata os 23.626 euros.

## Antonio Leira, coordinador comarcal do PSdeG-PSOE

“Achegar o partido aos cidadáns, aumentar o censo de militantes e realizar actividades para coordinar a todas as agrupacións locais”. Estes son os retos que se marca Antonio Leira como coordinador da comarcal de Santiago, que agrupa a 17 municipios: Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, Negreira, Ordes, Oroso, O Pino, Rois, Santa Comba,

Santiago, Teo, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

Leira xa comezou a traballar na coordinación destas agrupacións, “xa que queremos organizar actos en conxunto para as municipais para potenciar ás agrupacións onde estamos na oposición e seguir traballando nos concellos onde somos goberno”.



Leira coordinará as 17 agrupacións locais da zona



## A gran festa da familia socialista

Máis de catrocentos amigos e amigas participaron na tradicional festa da Agrupación Socialista de Oroso, que contou coa participación do secretario xeral provincial, Salvador Fernández Moreda; do

actual voceiro parlamentario do PSdeG, Xaquín Fernández Leiceaga; así como de numerosos representantes das agrupacións socialistas da comarca. Toma nota: a próxima cita será o 4 de setembro.

# Fernández Moreda visita a nova sé da Agrupación Socialista de Oroso

O secretario xeral provincial animou aos simpatizantes socialistas a traballar de cara as vindeiras eleccións municipais

O secretario xeral provincial do PSdeG-PSOE, Salvador Fernández Moreda, e o secretario de organización, Emilio Vázquez Blanco, son os dous primeiros cargos do partido socialista que visitan a sé da agrupación orosá, na rúa Camiño Real nº 20 (Sigüeiro). Ambos foron recibidos polo secretario xeral da Agrupación Socialista de Oroso, Luis Rey Villaverde; pola súa Executiva e por unha vintena de militantes e simpatizantes.



Ducias de simpatizantes recibiron a Fernández Moreda e Vázquez Blanco

Un encontro no que Fernández Moreda animou aos presentes a traballar de cara ás vindeiras eleccións municipais, explicándolles a todos os veciños e veciñas de Oroso os logros

**Moreda: "tendes que saber explicarlles a verdade aos veciños"**

realizados polos socialistas tanto á fronte do Goberno de España, como na Xunta e no Concello de Oroso. De feito, o secretario xeral provincial sinalou que este tipo de intercambios de opinións son moi interesantes para solventar dúbidas, compartir experiencias e coñecer de pri-

meira man as políticas que están levando os distintos gobernos socialistas "para que cando escoitedes críticas ou mentiras nas rúas ou nos bares, coñezades a realidade e poidades explicarlles a verdade aos veciños".

Por iso, os simpatizan-

tes que encheron o salón de actos da sé da Agrupación Socialista de Oroso aproveitaron para pulsar a opinión de Fernández Moreda sobre distintos temas de actualidade como a crise económica, o crecemento do desemprego ou a proposta de atrasar a xubilación ata os 67 anos.



## Coa túa axuda faremos un Oroso mellor

Se tes unha idea que pode axudar a mellorar Oroso. Se te preocupas por que a túa veciñanza sexa máis xusta e solidaria. Se eres unha persoa progresista, preocupada por extender os valores da tolerancia

e a solidariedade, na Agrupación Socialista de Oroso podemos axudarche. Contacta connosco na rúa Camiño Real, nº 20 de Sigüeiro ou a través da web: [www.orosopsg-psoe.org](http://www.orosopsg-psoe.org). Ti decides as materias e

proxectos do teu interese. Ti decides como queres colaborar co proxecto socialista, ben como afiliado, ben como simpatizante. Porque estamos seguros de que coa túa axuda faremos un Oroso mellor

**Colabora coa Agrupación Socialista de Oroso!!!**

[www.orosopsg-psoe.org](http://www.orosopsg-psoe.org) // Camiño Real, 20 (Sigüeiro)